

**Minas a ceo aberto, autoestradas, industrias contaminantes coma ENCE-ELNOSA, turismo destructivo, imposición de transxénicos, expansión urbana nos montes, campos de golf, portos deportivos, centros comerciais, alta velocidade, alta tensión, aditivos químicos e cancerixenos nos alimentos, cimenteiras sepultando o verde para agochar debaixo residuos tóxicos...**

**Entre as montañas de lixo que colman as ruínas dun mundo que se derrumba, o Capitalismo industrial apuntala o seu dominio privándonos dos medios e dos espazos necesarios para a nosa autonomía e subsistencia. Imponéndonos as súas sementes modificadas, os seus medios de transporte destructivos e estresantes, os seus ritmos de vida só soportables mediante os psicofarmacos e as drogas, os seus bosques talados, o seu fume... Amontóannos en cidades para que ninguén lembre como plantar unha horta, como colleitar herbas e froitos ou como sobrevivir fora dos marcos do Mercado voraz que nos está estrangulando. A todo isto chámanlle "Progreso". Nós preguntamos: Progreso? Podemos chamar así a un proceso de acaparamento do medio natural que acabará deixándonos sen chan fértil, sen aire limpo e sen ríos nos que bañarnos e dos que beber? Podemos chamar así a tantas vidas enclaustradas en escolas, oficinas, fábricas pouco diferentes a unha prisión, ou diante das pantallas dos teléfonos móbiles, ordenadores e televisións, encaixadas á forza nunha vida sempre feita de traballo, familia e diversión programada, rodeadas de miserables comodidades tecnolóxicas que non nos fan felices?**

**Creemos que é preciso deterse a pensar no que nos venderon, e en como nolo venderon, para decatarnos de todo o que estamos sacrificando a cambio dun futuro cheo de inseguridades, ameazas e risco, cheo de soidade, tristeza e desolación, de traballos cada vez máis precarios, de guerras cada vez máis próximas ás nosas fronteiras, de tecnoloxías cada vez menos neutrais, de aire cada vez máis venenoso, de utopías cada vez máis imposibles...**

**Queremos incentivar un movemento ecoloxista radical e transversal a unha perspectiva anticapitalista dende o cal cuestionar, sabotear e reformular o noso modo de vida. Porque o seu "Progreso" é un eufemismo para a nosa morte...**

**- Algunhas elfas do bosque**

